

## Obradoiros 2018-19 do Horto Infantil Ecolóxico Municipal

- Van dirixidos a nenas e nenos que durante o curso 2018-19 cursen Educación Primaria ou segundo ciclo de Educación Infantil.
- Poden participar nenos e nenas escolarizados ou empadroados no concello de Carballo.
- As inscricións faranse a través do Rexistro Municipal presentando, debidamente cuberto, o modelo que pode descargarse en [www.carballo.gal](http://www.carballo.gal) ou recollese no Museo de Bergantiños de 11.00 a 14.00; e de 16.30 a 19.30 nas instalacións da rúa Nardos.
- Os obradoiros desenvolveranse de luns a venres de 17.30 a 19.00 horas do 17 de setembro ao 14 xuño en tres quendas:
  - Luns e xoves.
  - Martes e venres.
  - Mércores (4º de Educación Infantil).
- Debido á falta de luz no inverno farase unha parada da actividade do 26 de outubro ao 18 de febreiro, non sendo preciso anotarse de novo.
- As nenas e nenos de 4º de Educación Infantil comezarán o obradoiro o mércores 20 de febreiro coa fin de non interferir no proceso de adaptación escolar.
- As familias poden escoller a quenda que prefiran até cubrir o máximo de 25 prazas por obradoiro. O alumnado de 4º de Infantil irá obrigatoriamente ao obradoiro específico do mércores cun máximo de 15 prazas.
- As solicitudes atenderanse por orde de inscrición.
- Deberán traer roupa e calzado axeitado e auga.
- Todas as actividades son gratuítas.